



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Physical Activity in the Natural Environment		Code	620G01039	
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Educación Física e Deportiva				
Coordinador	Gomez Varela, Joaquin	E-mail	joaquin.gomez.varela@udc.es		
Lecturers	Colomer Poveda, David	E-mail	d.colomerp@udc.es		
	Gomez Varela, Joaquin		joaquin.gomez.varela@udc.es		
Web					
General description	<p>A asignatura Actividade Física no Medio Natural, pertencente ao módulo 5 ?Ensino da Educación Física? do título de Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, introduce ao estudante ao coñecemento daquelas actividades que, con carácter educativo, recreativo, deportivo ou turístico, teñen lugar en espazos abertos o aire libre ou escasamente modificados pola man do ser humano.</p> <p>As actividades na natureza representan desde a orixe da educación física un recurso relevante como instrumento para o desenvolvemento integral das nenas e nenos, como así se pode observar no propio Manifesto da Educación Física en 1970, cando fai referencia ao concepto xeral da Educación Física como ?parte da educación que utiliza de unha maneira sistemática as actividades físicas e a influencia dos axentes naturais: aire, sol, auga, etc., como medios específicos?.</p> <p>Acomodada esta conceptualización a unha contexto determinado, revísase a súa visión no manifestó do ano 2000, no que a Educación Física conéctase co resto de elementos e cuestións universais, como o medio ambiente e a súa problemática, intrincándose para establecer unha íntima relación que chega ata os nosos días. Así pois, o seu capítulo XIX versa integramente sobre a Educación Física e as responsabilidades ante o medio ambiente. Así pois a Educación Física beneficiase dos ambientes naturais, e ao mesmo tempo a través de esta o considera e trata de melloralo, como movemento coherente coa Axenda 21.</p> <p>Deste xeito, hoxe en día estas prácticas forman parte do curriculum da Educación Física como asignatura, contribuíndo ademais ao aprecio pola natureza e ao desenvolvemento dunha conciencia ecolóxica.</p> <p>Por outra banda, tamén se aprecia un incremento das prácticas deportivas no medio natural no ámbito recreativo, deportivo e turístico desde finais do século XX; corrente que se mantén na actualidade, reflexada nas abundantes referencias científicas, de divulgación, regulacións, plans de formación, etc, ao que a formación de una graduada ou grado en ciencias da actividade física e o deporte non pode ser allea.</p> <p>Así pois, as prácticas deportivas no medio natural, polo seu vínculo coa actividade física representan un área de desenvolvemento profesional importante no que desenvolver a súa labor as graduadas e graduados en ciencias da actividade física e o deporte.</p> <p>Fruto de todo isto, o título de Grao recolle, a través das competencias A16, A17 e A21, o deseño, planificación, programación e realización de actividades físicas e deportivas nos medios naturais, que se convirten de este xeito na referencia principal para o desenvolvemento desta guía docente.</p> <p>A impartición da docencia será en Castelán, se ben a atención ao estudantado levarase a cabo no idioma preferente de cada estudante. Do mesmo xeito os estudantes poderán elaborar e presentar os diferentes traballos, presentacións, probas de avaliación, etc, en calquera das linguas da UDC, e mesmo en Inglés.</p>				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results



A1	Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.
A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.
A16	Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.
A17	Programar e desenvolver actividades físico-deportivas no medio natural, no contexto educativo e recreativo, favorecendo a participación á que todos teñen dereito e evitando a invisibilidade por razóns de xénero ou discapacidade.
A21	Deseñar, planificar e realizar actividades físicas e deportivas en lugares ou espazos que implican un risco intrínseco: no medio acuático, na neve ou outros do medio natural ou con animais.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A29	Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.
A30	Aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer e analizar o significado das AFMN, tanto na súa evolución, coma no contexto deportivo e social na actualidade	A1 A2	B15	
Seleccionar e saber utilizar o equipamento individual e de grupo para o disfrute das AFMN, atendendo as diferentes condicións nas que se desenvolvan, así como as normativas con elas relacionadas	A33		
Coñecer e aplicar axeitadamente as técnicas básicas de orientación, progresión, e condución de grupos nos diferentes tipos de entornos naturais, atendendo aos principios de seguridade e sostenibilidade	A25 A29 A30 A33	B4 B6	



Interpretar os diferentes entornos naturais como soporte ambiental para o desenvolvemento das prácticas físico-deportivas, así como os seus elementos estruturais e as dinámicas que se establecen entre eles durante a práctica deportiva	A17	B15	
Determinar as medidas de sustentabilidade precisas en relacionadas coa práctica e organización de actividades físico-deportivas no medio natural.		B19	C4
Evaluar o rol de responsable, dinamizador e formador na práctica profesional das actividades no medio natural, atendendo ás peculiaridades psico-sociales e ambientais nas que teñen lugar		B19	
Xestionar os riscos para a saúde e a integridade que se derivan da practica inadecuada das actividades físico-deportivo no medio natural en calquer colectivo, e aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emergencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios	A29 A30	B2 B19	
Aplicar as habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe nos diferentes entornos nos que teñen lugar as actividades físico-deportivas no medio natural, co necesario grao de seguridade, sustentabilidade e éxito no seu desenvolvemento	A29	B11 B14	
Elaborar propostas curriculares sobre as actividades físico-deportivas no medio natural para as distintas etapas da enseñanza obligatoria, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de Educación Física, con arranxo á lexislación vixente e ó proxecto educativo de centro.	A10 A16 A17	B14 B15	
Elaborar programas de actividades físico-deportivas nos entornos naturais, nos ámbitos recreativo e turístico con arranxo á lexislación vixente, e de acordó cos principios de seguridade e sustentabilidade.	A16 A17 A21	B4	C3
Coñecer e comprender diversas AFMN como recursos facilitadores do desenvolvemento e disfrute persoal nos ámbitos educativo, recreativo e turístico	A17 A25 A29 A33		

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 0. Presentación do programa	0.1.. A asignatura Actividade Física no Medio Natural no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e o seu desenvolvemento
Tema 1. Introducción ás Actividades Físicas no Medio Natural (AFMN)	1.1. Evolución e desenvolvemento das prácticas físico-deportivas no medio natural. 1.2. As actividades físico-deportivas no medio natural: ¿a qué facemos referencia?: Contextualización e conceptualización. 1..3. Motivos para a desenvolvemento das AFMN, e justificación para o seu desenvolvemento. 1.4. As AMN no contexto educativo: Marco normativo e curricular. 1.5. As AMN no contexto recreativo e turístico: Marco normativo e de xestión 1.6. Titulacións e profesionais das AFMN
Tema 2. Actividades de aire libre e fundamentais no medio natural	2.1. Permanencia nos entornos naturais: equipamento, satisfacción das necesidades básicas para a permanencia na natureza e pernocta. 2.2. Moverse na natureza, técnicas de progresión e conducción de grupos por sendeiros e itinerarios de baixa e media montaña 2.3. Orientación no medio natural: Balizas, cartografía, busolas e GPS, e o seu uso no recorrido dun itinerario pola natureza



Tema 3. Entornos naturais: Coñecemento, interpretación, uso e impacto en relación as AFMN	<p>3.1. O Medio natural: Elementos, interpretación da paisaxe e interpretación do medio ambiente</p> <p>3.2. O clima e a meteoroloxía e a súa influencia sobor das AFMN</p> <p>3.3. Las AFMN sostenibles: Integración da educación ambiental y das estrategias de minimización dos impactos nas AFMN</p>
Tema 4. Seguridade nas AFMN: pautas de prevención e actuación	<p>4.1. Seguridade e risco nas AFMN: Elementos e variables que inciden no desenrolo das AFMN</p> <p>4.2. Xestión do risco nas AFMN: Aspectos normativos e procedimentáis</p> <p>4.3. Protocolos e medidas de actuación ante accidentes no medio natural</p>
Tema 5. Programación en desenvolvemento das AFMN no ámbito educativo, recreativo e turístico	<p>5.1. Programación e desenvolvemento das AFMN no entorno escolar</p> <p>5.2. Programación e desenvolvemento de actividades campamentáis e de aire libre para a xuventude.</p> <p>5.3. Programación e desenvolvemento das AFMN no marco do Turismo Activo</p>
Tema 6. Prácticas deportivo-recreativas no medio natural	<p>6.1. Practicas deportivas de progresión fundamentalmente no medio terrestre.</p> <p>6.2. Prácticas deportivas de progresión fundamentalmente no medio acuático.</p> <p>6.3. Prácticas deportivas multiaventura.</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A1 A17 A21 A25 A29	1	0	1
Workbook	A1 A29	0	9	9
Physical exercise	A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B11	14	21	35
ICT practicals	A16 A17 A21 B10 C3	0	15	15
Guest lecture / keynote speech	A2 A1 A10 A16 A33 B15	13	13	26
Mixed objective/subjective test	A2 A1 A10 A25 A30 A33 B2 B14	2	0	2
Field trip	A16 A17 A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B11 B14 B19 C4	10	20	30
Supervised projects	A16 A17 A21 B4 C3	0	24	24
Personalized attention		8	0	8

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Introductory activities	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e avaliación do coñecemento da guía docente - Determinación por parte d@s estudantes do tipo de avaliación a realizar - Complimentación da ficha de estudante na plataforma Moodle
Workbook	Representan a lectura e reflexión sobre diferentes tipos de textos en papel ou formato dixital, que poderá implicar a presentación dun entregable avaliable ou avaliación a través da plataforma moodle no cómputo da avaliación continua
Physical exercise	Actividades desenvolvidas tanto no espazos da Universidade da Coruña, como nos entornos naturais próximos a Facultade de Ciencias do Deporte (praia, monte, campo, etc.). Consistentes no desenvolvemento de actividades físicas e deportivas relacionadas coas habilidades fundamentais e específicas características das AFMN. O desenvolvemento da participación nestas sesión poderá conlevar a presentación de tarefas e participación en avaliacións a través da plataforma Moodle, e que formarán parte da avaliación continua na participación nas sesións prácticas.
ICT practicals	Participación a través da plataforma Moodle, que implicará o desenvolvemento de tarefas de deseño de actividades e proxectos, acceso e trabalo con contidos e aplicacións da rede. Xestión da súa evolución na adquisición de competencias e aprendizaxes.
Guest lecture / keynote speech	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. O desenvolvemento da participación nestas sesión poderá conlevar a presentación de tarefas e participación en avaliacións a través da plataforma Moodle, e que formarán parte da avaliación continua na participación nas sesións teóricas</p>
Mixed objective/subjective test	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>
Field trip	Actividades desenvolvidas en entornos naturais, relacionadas co ámbito de estudo da materia; centradas no desenvolvemento de capacidades relativas ó deseño, organización e posta en práctica de actividades físicas no medio natural con carácter educativo/recreativo/deportivo/turístico, tendo en conta os principios de seguridade e sostenibilidade ambiental das mesmas. Antes, durante e despois das mesmas os estudantes levarán a cabo unha serie de tarefas que formarán parte da avaliación continua en relación á participación na asignatura.
Supervised projects	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Vincularánse principalmente as prácticas de actividade física e as saídas de campo. Implicará o desexo dunha actividade no medio natural; véase o caso dun roteiro, no que se aplicarán os diferentes coñecementos teóricos e competencias prácticas plantexadas ao longo dos diferentes temas. Dito traballo implicará tanto o desenvolvemento e entrega de tarefas relacionadas, ao longo do cuatrimestre, ao longo as salidas formativas relacionadas, e como documento completo ao finalizar o cuatrimestre formando parte da calificación final.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



<p>Guest lecture / keynote speech</p> <p>Physical exercise</p> <p>Field trip</p> <p>Supervised projects</p>	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudiantado da responsabilidade da súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudiantado e o seguimento desta aprendizaxe polo profesor-tutor.</p> <p>O estudiantado disporá tanto das horas de tutoría particular, como das horas de de tutoría grupal para consultar ou ser asesorados polo profesor de face ao desenvolvemento da materia.</p> <p>De acordo coas propostas de sustentabilidade promovidas pola Universidade da Coruña, seguiranse as seguintes pautas tanto como sexa posible:</p> <p>4.- De acordo coas diferentes regulacións de aplicación para o ensino universitario, incorporárase a perspectiva de xénero nesta materia (utilízase unha linguaxe non sexista, utilízase a bibliografía de autores de ambos os sexos, a intervención na clase do estudiantado ...)</p> <p>5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirá no ambiente para modificalos e promover valores de respecto e igualdade.</p> <p>6. Débense detectar situacións de discriminación de xénero e propor accións e medidas para corrixilas.</p> <p>7. A plena integración do estudiantado que, por razóns físicas, sensoriais, psicolóxicas ou socioculturais, facilitárase na medida do posible o acceso aos seus dereitos en igualdade de condicións á vida universitaria.</p> <p>ESTUDIANTADO CON MATRÍCULA PARCIAL. Atendendo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña e ao artigo 7, punto 3 das normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, concertárase unha tutoría co estudiantado de matrícula parcial de face a configurar un programa de asistencia, seguimento e avaliación da materia que permita desenvolver a mesma en termos equivalentes de alcance de competencias e avaliación das mesmas ao resto do estudiantado de matrícula ordinaria.</p>
---	--

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A2 A1 A10 A16 A33 B15	Participación no 70% das sesións	10
Physical exercise	A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B11	Participación polo menos no 70% das sesións	10
Field trip	A16 A17 A21 A25 A29 A30 A33 B2 B4 B6 B11 B14 B19 C4	Participación nunha saída a un espazo natural/Traballo alternativo, no que os/as estudantes poderan levar a cabo tarefas de toma de datos, asunción de roles de participante, condutor de actividade, organizador, etc, sobre o que poden ser solicitados entregables como soporte para a avaliación. Atenderán para elo aos criterios de ajuste da súa actuación as esixencias das tarefas, aspectos formais na presentación do entregable, e pertinencia, contido e fundamentación dos mesmos a través das correspondentes referencias bibliográficas.	10



Supervised projects	A16 A17 A21 B4 C3	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios simulados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>O entregable consistirá nun documento que será avaliado en relación aos aspectos formais e de presentación, desenvolvemento do seu contido en relación ao traballo propósto na planificación, organización e deseño dunha actividades no medio natural.</p>	30
Mixed objective/subjective test	A2 A1 A10 A25 A30 A33 B2 B14	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>	30
ICT practicals	A16 A17 A21 B10 C3	<p>Desevolvemento de tarefas e avaliacións sobre o campus virtual e ou teams relacionadas con sesión maxistráis, prácticas e as saídas de campo.</p>	10

Assessment comments



Considérase obrigatoria a asistencia ás diferentes actividades lectivas da materia

A porcentaxe requirida para a superación da materia será do 70% considerado proporcionalmente con relación á participación nas diferentes sesións presenciais

A superación da materia implicará a superación dos seguintes apartados tanto na 1ª como na 2ª oportunidade, ou convocatorias posteriores nas condicións que se expoñen a continuación:

PARTICIPACIÓN

- Enténdese por participación nas actividades de saídas de campo, práctica de actividade física ou sesión maxistral o desenvolvemento en prazo e forma das tarefas que se expoñan en relación aos contidos relacionados coas sesións. O non cumprimento por motivos xustificadas do 70% da asistencia pode implicar a non superación da materia, constando o estudante como "Non Presentado" na cualificación final. Dita falta de participación non xustificada pode inhabilitar igualmente para a superación da materia na segunda oportunidade ou sucesivas convocatorias, ata que esta cumprese. No caso de que non se alcance o 70% de asistencia e participación por motivos xustificadas na avaliación da 1ª oportunidade poderase establecer para a/o estudante unha alternativa equivalente en relación ao desenvolvemento de tarefas e alcance de competencias relacionado cos contidos desenvolvidos nas sesións ás que non asistiu.

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se mantéña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

SAÍDAS DE CAMPO

- Nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre os estudantes confirmarán a súa participación na/s saída/s de campo ou ben no desenvolvemento dun traballo alternativo sobre a programación dunha saída organizada nun espazo natural (devandito traballo desenvolverase atendendo aos mesmos criterios que o traballo tutelados). De igual maneira, no caso de que algún estudante por enfermidade, lesión o impedimento xustificadas non poda participar nalgunha das saídas de campo levadas a cabo desde a materia, poderá tomar parte nesta avaliación alternativa.

- Tratarase de garantir ao todos os/as estudantes que opten pola avaliación sobre saídas de campo, a participación polo menos nunha delas. Se por algún motivo non se poidera levar a cabo algunha das mesmas, poderá modificarse a data de realización, ou será permutada por outra actividade que trate de respostar aos mesmos obxetivos expostos para aquela.

- En calquer caso, se un estudante non participa na saída que ten asignada sen xustificación algunha (médica, administrativa, académica), pasará á opción de avaliación sen saída de campo.

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se mantéña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

TRABALLOS TUTELADOS

- A elaboración dos traballos tutelados que atendan ao deseño e/ou desenvolvemento dun proxecto de actividade no medio natural, terá como referencia as pautas desenvoltas no discorrer da propia materia, e ademáis as seguintes normas nos casos nos que sexa pertinente:

UNE-ESO 21500

AENOR EA 0031

UNE-EN 31010

UNE-EN 62198

UNE-EN ESO 9001

UNE-EN ESO 9001:2008/A

UNE-ESO 21101

UNE-ESO/TR 21102 IN

UNE-ESO 21103

UNE-ESO 31000

UNE-ESO Guía 73 IN

Consideraranse igualmente as normativas correspondentes ás empresas de turismo activo, actividades de aire libre para a mocidade, currículo para secundaria e bacharelato, campamentos de turismo e outras cuxa aplicación sexa pertinente en relación ao tipo de actividade que se expoña.

A cualificación dos traballos distribuirase de maneira xeral, e sen prexuízo dunha maior precisión en función do traballo, en relación aos seguintes elementos e criterios:

Contextualización e fundamentación: 20% Planteamento e desenvolvemento (Inclusión e aplicación dos diferentes elementos e ferramentas adquiridas na materia); 70% Aspectos formais (Normas APA, 7ª) y estruturais: 10% Proporase os primeiros días de clase unha rúbrica para a elaboración, supervisión e corrección de dito traballo tutelado, que poderá ser modificado a proposta d@s estudante e co visto bo do profesorA superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se mantéña a presente distribución

metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

PROBA MIXTA

A proba mixta terá lugar nas datas asignadas no calendario oficial, como parte de avaliación final da materia. Esta proba poderase levar a cabo ben sobre papel presencialmente na facultade, ou ben no campus virtual ou Teams, para o que os/as estudantes deberán traer e utilizar os seus propios computadores portátiles ou tabletas dixitais.

As diferentes preguntas ou tarefas desta proba mixta distribuiranse de maneira ponderada considerando os diferentes temas, prácticas ou traballos da materia.

O idioma escrito desta proba sera o de impartición da materia; facilitarase noutro idioma (español, galego) aos estudantes que o soliciten con dúas semanas de antelación.

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto mantéñase a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

Entenderase en calquera caso que para a superación da materia será preciso ter superados os diferentes apartados da avaliación

ESTUDANTES DE DEDICACIÓN A tempo PARTCIAL

En función das súas posibilidades de asistencia e participación acordarase, por escrito, cos/as estudantes de dedicación a tempo parcial, un modelo alternativo das diferentes actividades de desenvolvemento e avaliación dos diferentes temas e apartados de avaliación, atendendo a un plantexamento de horas de dedicación equivalente aos/as estudantes de matrícula a tempo completo.

En concordancia cos plantexamentos de sustentabilidade que está a promover a Universidade da Coruña, na medida do posible seguiránse as seguintes pautas:

1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

1.2. Realizarase a través de Moodle ou Teams, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

1.3. De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.

- Realizaranse impresións a dobre cara.

- Empregarase papel reciclado.

- Evitarase a impresión de borradores.

2.- Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais

En termos xerais, ao realizar probas on-line, empregarase a plataforma da UDC ou sistemas recoñecidos por esta

A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g).





Basic

AENOR. (2010). Norma UNE-ISO 31000:2010, Gestión del Riesgo. Principios y Directrices. In (Vol. UNE-ISO 31000:2010). Madrid: AENOR.AENOR. (2015a). Norma UNE-ISO 21101:2015 Turismo activo. Sistema de gestión de la seguridad. Requisitos. In (Vol. UNE-ISO 21101: 2015). Madrid: AENOR.AENOR. (2015b). Norma UNE-ISO 21103: 2015, Turismo Activo. Información para los participantes. In (Vol. UNE-ISO 21103: 2015). Madrid: AENOR.Arroyo, S. (2012). Montaña segura: Consejos sobre prevención y autosocorro (1ª ed.): Desnivel.Asphas, J. M. (2000). Los deportes de aventura. Consideraciones jurídicas sobre el turismo activo (Vol. 7). Zaragoza: Prames.Avellanas, M. L. (2009). Atención al Accidentado en el medio natural. Guía de urgencias: Edikamed.Ayora, A. (2012). Riesgo y Liderazgo. Cómo organizar y guiar actividades en el medio natural (1ª ed.). Madrid: Desnivel.Berghaenel, R. P. (2008). Accidentes en montaña y condiciones meteorológicas. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.Betrán, A. O., & Betrán, J. O. (1999). Las actividades físicas de aventura en la naturaleza . Estudio de la oferta y la demanda en el sector empresarial. Apunts: Educación Física y Deportes, (57), 86?94. Retrieved from <http://www.revista-apunts.com/es/hemeroteca?article=602>Bonnet Escuela, M., Wehbe-Herrera, C. D., & Lobo Rodrigo, Á. (2019). ANALYSIS OF THE REGULATION OF ACTIVE TOURISM IN SPAIN. Revista de Estudios Empresariales. Segunda Época, 0(2). <https://doi.org/10.17561/ree.v2018n2.2>Cánepa, L., & Encabo, M. (2013). Montañismo en áreas naturales protegidas. Colorado, J. (2001). Montañismo y trekking. Manual completo. Madrid: Desnivel.Corbellini, G. (2002). Guía de orientación : [el mapa - la brújula - el cielo - el GPS] / Giancarlo Corbellini ; revisión y adaptación, Eusebio García Gómez ; información astronómica de Enrico Miotto (5ª ed. ed.). Madrid :: Tutor.Cunningham, A., & Fyffe, A. (2007). Montañismo invernal. Técnicas básicas para excursiones y alpinistas. Madrid: Desnivel.Deery, M., Jago, L., & Fredline, L. (2004). Sport tourism or event tourism: Are they one and the same? Journal of Sport and Tourism, 9(3), 235?245. <https://doi.org/10.1080/1477508042000320250>Escuela española de alta, m. (2001). Certificado de iniciación al montañismo :texto oficial del primer nivel de enseñanza de la escuela española de alta montaña. Huesca: Barrabés.Fernández Díaz, R. La protección de espacios naturales : las fragas del Eume / Rogelio Fernández Díaz.Fernández Pardo, A. Propuesta de Plan de Uso Público para el Parque Natural "Fragas do Eume" (A Coruña).García Gómez, E. (2000). Orientación Desde el mapa y la brújula hasta el GPS y las carreras de orientación. Madrid :: Desnivel.Inglés Yuba, E., & Seguí Urbaneja, J. (2017). Estudio comparativo del ordenamiento jurídico del turismo activo y las actividades deportivas en el medio natural en la España de las comunidades autónomas. Acciones e Investigaciones Sociales, 31(31), 159. https://doi.org/10.26754/ojs_ais/ais.201231632Instituto de Turismo de España. (2010). Estudios de Productos Turísticos. Turismo de Montaña. In I. d. T. d. España (Ed.). Jimenez, I. (2015). La configuración jurídica del deporte en el medio natural. Relaciones con el turismo, el desarrollo sostenible y la ordenación del territorio. Madrid: Editorial Reus.Llamazares, J. L. (2004). Derechos y obligaciones en el esquí y en la montaña. Oviedo: Septem Ediciones.López, A. (2012). Responsabilidad y montaña. Reflexiones jurídicas para deportistas y profesionales. A Coruña: Campo IV Alpinismo S.L.Medialvilla, L., & Villota, S. (2012). Percepción de los riesgos y las causas de los accidentes en el medio natural por parte de deportistas, gestores, grupos de rescate y visitantes. Acciones e Investigaciones Sociales(31), 39-61. Medialvilla Saldaña, L., Gómez Encinas, V., Sánchez Burón, A., & Villota Valverde, S. (2014). Profile of adventure tourism companies in Spain, Italy and Costa Rica. Journal of Sport and Health Research, 6(2), 177?190. Retrieved from http://www.journalshr.com/papers/Vol_6_N_2/V06_2_7.pdfMurcia, M. (2016). Manual de escalada libre. Deportiva. Madrid: Desnivel.Nasarre, J. M., Hidalgo, G. M., & Bernard, P. L. (2001). La vertiente jurídica del montañismo. Zaragoza: Prames.Patiño Romarís, C. A., & Lois González, R. C. (2016). El producto turístico de naturaleza en el litoral gallego como instrumento de sostenibilidad ambiental. Monografies de La Societat d'Historia Natural de Les Balears, 2016-Janua(23), 345?355. Retrieved from http://ibdigital.uib.es/greenstone/collect/monografiesHistoriaNatural/index/assoc/Monograf/iesSHNB_/2016vol0/23p345.dir/MonografiesSHNB_2016vol023p345.pdfPerarnau, S., Subirats, E., & Riu, F. (2007). Curas, Vendajes e inmovilizaciones en montaña (1ª ed.): Desnivel.Rivera Mateos, M. (2016). Paisaje, patrimonio y turismo de surf: factores de atracción y motivación en el Parque Natural del Estrecho, España. Cuadernos de Turismo, (37), 351. <https://doi.org/10.6018/turismo.37.256271>Rivera, M. (2010). Turismo activo en la naturaleza y espacio de ocio en Andalucía: Aspectos territoriales, políticas públicas y estrategias de planificación. Universidad de Córdoba. Junta de Andalucía. Retrieved from <https://helvia.uco.es/xmlui/handle/10396/14269>Subirats, E. (2011). Primeros auxilios en montaña. Madrid: Desnivel.Taibo, M. (2017). Prevención de Riesgos para Colectivos en Montaña (J. A. Castaño Ed. 1ª ed.). Principado de Asturias: Ediciones Cordillera Cantábrica.The Mountaineers. (2011). Montañismo. La libertad



```
de las cimas. Madrid: Ediciones Desnivel function copiarPortapapeisGM_BoxValuesSession() { try {
netscape.security.PrivilegeManager.enablePrivilege("UniversalXPConnect");const gClipboardHelper =
Components.classes["@mozilla.org/widget/clipboardhelper;1"].getService(Components.interfaces.nsIClipboardHelper)
:gClipboardHelper.copyString( document.getElementById("GM_BoxValuesSession").innerHTML );}catch(e){}function
pecharGM_BoxValuesSession() { document.getElementById('GM_BoxValuesSession').parentNode.style.display =
'none;'}function copiarPortapapeisGM_BoxValuesSession() { try {
netscape.security.PrivilegeManager.enablePrivilege("UniversalXPConnect");const gClipboardHelper =
Components.classes["@mozilla.org/widget/clipboardhelper;1"].getService(Components.interfaces.nsIClipboardHelper)
:gClipboardHelper.copyString( document.getElementById("GM_BoxValuesSession").innerHTML );}catch(e){}function
pecharGM_BoxValuesSession() { document.getElementById('GM_BoxValuesSession').parentNode.style.display =
'none;'}function copiarPortapapeisGM_BoxValuesSession() { try {
netscape.security.PrivilegeManager.enablePrivilege("UniversalXPConnect");const gClipboardHelper =
Components.classes["@mozilla.org/widget/clipboardhelper;1"].getService(Components.interfaces.nsIClipboardHelper)
:gClipboardHelper.copyString( document.getElementById("GM_BoxValuesSession").innerHTML );}catch(e){}function
pecharGM_BoxValuesSession() { document.getElementById('GM_BoxValuesSession').parentNode.style.display =
'none;}}
```



Complementary	
---------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.